



MEMORIA FUNCIONAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES.

O Decreto 59/2023, do 14 de xuño, establece a nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

No seu artigo 1 recolle que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes se estrutura no seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Secretaría Xeral para o Deporte.
3. Dirección Xeral de Xustiza.
4. Dirección Xeral de Administración Local
5. Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.
6. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
7. Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

b) Quedan adscritas organicamente á Consellería as delegacións territoriais da Xunta de Galicia. As delegacións territoriais, configuradas como órganos de dirección, terán nivel orgánico de dirección xeral.

c) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Academia Galega de Seguridade Pública.
2. Axencia Galega de Emerxencias.

A actual estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes está establecida no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, se ben coa súa anterior denominación de Vicepresidencia Segunda.



A relación de postos de traballo (RPT) é o instrumento técnico ao través do que se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles e os requisitos esixidos para o seu desempeño.

A relación de postos de traballo da actual Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes procede da relación de postos de traballo aprobada pola Resolución do 2 de decembro do 2021 derivada da estrutura orgánica da entón Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo fixada polo Decreto 214/2020, do 3 de decembro (DOG núm. 253, do 17 de decembro).

Esta resolución foi obxecto das modificacións que se relacionan:

- Resolución do 24 de xuño de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral. (DOG, núm. 120, do 25 de xuño, corrección de erros DOG núm. 152, do 10 de agosto)

- Resolución do 2 de decembro do 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 2 de decembro do 2021 pola que se aproba a modificación da relación dos postos de traballo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (DOG núm. 235, do 9 de decembro, corrección erros DOG núm.18 do 27 de xaneiro).

-Resolución do 18 de febreiro do 2022 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 17 de febreiro do 2022 pola que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral correspondente á Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 36 do 22 de febreiro). (Corrección de erros, DOG núm. 53 do 17 de marzo).

-Resolución de 11 de marzo de 2022 por la que se ordena la publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de marzo de 2022 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (DOG, núm. 50, del 14 de marzo).



O obxecto da modificación da RPT que agora se propón é o cambio da adscrición de persoal que ten acceso ás prazas de libre designación que de seguido se relacionan:

Secretario/a territorial da Coruña, C.P. PR.C99.00.000.15001.010

Secretario/a territorial de Ferrol, C.P. PR.C99.00.000.15350.010

Secretario/a territorial de Lugo, C.P. PR.C99.00.000.27001.010

Secretario/a territorial de Ourense, C.P. PR.C99.00.000.32001.010

Secretario/a territorial de Pontevedra, C.P. PR.C99.00.000.36001.010

Secretario/a territorial de Vigo, C.P. PR.C99.00.000.36560.010

Preténdese unha ampliación do tipo de persoal funcionario que podería incorporarse a estas prazas, co obxecto de ampliar tamén as opcións de selección do persoal que se considere máis axeitado .

Na RPT actual todos estes postos figuran cos seguintes códigos:

A12: Adscrición indistinta a Funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA e Administración Local

A13: Adscrición indistinta a Funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA e Administración de Xustiza.

Estímase necesario que estas prazas figuren na RPT cos códigos A13-A20(2), ampliando todo o posible o persoal funcionario que poida acceder a elas.

A13: Adscrición indistinta a Funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA e Administración de Xustiza.

A20(2): Adscrición indistinta a Funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA, persoal estatutario do Sergas, Administración local e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta modificación implica a supresión do código A12, por innecesario.



Como resultado do exposto, as prazas figurarían na RPT da maneira seguinte:

Unidade Administrativa	Código posto	Denominación do posto	Ads- Adm. Púb.
Delegación Territorial da Coruña	PR.C99.00.000.15001.010	Secretario/a territorial	A13-A20(2)
Delegación Territorial de Ferrol	PR.C99.00.000.15350.010	Secretario/a territorial	A13-A20(2)
Delegación Territorial de Lugo	PR.C99.00.000.27001.010	Secretario/a territorial	A13-A20(2)
Delegación Territorial de Ourense	PR.C99.00.000.32001.010	Secretario/a territorial	A13-A20(2)
Delegación Territorial de Pontevedra	PR.C99.00.000.36001010	Secretario/a territorial	A13-A20(2)
Delegación Territorial de Vigo	PR.C99.00.000.36560.010	Secretario/a territorial	A13-A20(2)

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Elena Muñoz Fonteriz

